

Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 23 de novembro de 2016

Asistentes:

Bergareche Gros, Almudena
Jiménez Alemán, Ángel Aday
Montesinos Padilla, Carmen
Movilla Pateiro, Laura
Noriega Rodríguez, Lydia

PAS:

López Prieto, María Nieves
Pérez Rodríguez, M^a Esther
Ramil Vázquez, Paula

Escusan a súa ausencia:

Bravo Bosch, María José
García Mosquera, Marta
Ibañez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Rodríguez Damián, Amparo
Orge Míguez, Jose Carlos
Loveira Pazó, Rosa María
Pita Grandal, Ana María
Rubianes Ferro, José Luis
Zas Varela, Mónica

PDI A

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a Antonia
Cabeza Pereiro, Jaime
Cal Bouzada, María Isabel
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a Belén
Ferrero Martínez, M^a Dolores
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, M^a Noemi
Grande Seara, Pablo
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, M^a Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Padín Fabeiro, Carmen
Pillado González, M^a Esther
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Valcárcel Fernández, Patricia

PDI B

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa
Pacho Blanco, José Manuel
Torres Pérez, Francisco José

Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo

Diéguez Rodríguez, José Miguel
Fernández García, Héitor
Gil Vázquez, Zulema
Rivera González, Paula
Román Méndez, Sergio
Villaverde Carrera, Eduardo
García Freira, Mónica

O 23 de novembro de 2016, ás 12:09 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 18 de outubro de 2016.

A Decana aclara que se corrixiron as referencias incompletas á profesora María Isabel Cal Bouzada. O profesor Luís Muleiro e a profesora Carmen Ruíz advirten que na composición da comisión de calidade figura como representante do alumnado Isabel Guerreiro, quen xa non é alumna. Solicitouse aclaración aos representantes do alumnado quen manifestou que non fixeran proposta con respecto a esta comisión. O Secretario e a Decana aclararon que tal e como figuraba no acta, incluíuse a Isabel Guerreiro na composición da comisión de calidade aprobada na anterior xunta de facultade, comprometéndose a que na inmediata reunión desta xunta incluíse un punto da orde do día para substituír a Isabel Guerreiro.

Aprobado por asentimiento.

2. Informes da Sra. Decana:

En primeiro lugar, a Decana sinala que desculpou a súa ausencia:

- Bravo Bosch, María José
- García Mosquera, Marta
- Ibañez Paz, Regina
- Manzano González, Baltasar
- Loveira Pazó, Rosa María
- Orge Míguez, José Carlos
- Pita Grandal, Ana María
- Rodríguez Damián, Amparo
- Rubianes Ferro, José Luis
- Zas Varela, Mónica

A Decana comeza informando sobre o contido da última reunión da Conferencia de decanos/as. Nela tratáronse as propostas de estruturar os estudos de grao en dereito en 3 anos de grao e dous de posgrao, aínda que a postura unánime da conferencia é consolidar a actual estrutura xeral de 4+1. Sobre o mestrado da avogacía comunicouse que a data de proba de acceso será o 25 de febreiro de 2017 e que existen propostas cara ao seu endurecemento e substitución ou complemento cunha proba práctica. Finalmente trasladou á xunta que o temario da proba non vai variar a curto prazo e que na próxima reunión da conferencia o tema a tratar será o TFG.

Sobre asuntos económicos, a Decana comunica que se instalaron os repetidores *wifi* nos corredores dos distintos bloques, o sinal reforzouse tamén nas aulas, e a unidade técnica vai a realizar as modificacións necesarias nas aulas B5 e B6. Substituíronse as luminarias do corredor central e, ante a insuficiencia do actual sistema de iluminación da biblioteca, aprobouse a súa substitución por lámpadas colgantes. Substituíuse a alfombra da pasarela que une a Facultade co edificio da Faculta de Económicas. Substituíronse algúns proxectores dos seminarios. Aprobouse a instalación dun dispositivo de regulación de temperatura da auga do alxibe (risco sanitario). Financiáronse todas as propostas de conferencias que se presentaron no decanato.

No que atinxe ás cuestións relacionadas coa calidade, a Decana advirte que se deberán subir á aplicación da ACSUGA antes do 15 de decembro de 2016 os informes de coordinación dos graos e dos mestrados, e á súa vez os informes de acreditación do grao en dereito e o mestrado en empresa, así como o informe de revisión pola dirección. Doutra banda, o prazo de presentación dos informes de seguimento ampliouse ata o 28 de febreiro de 2017. Tamén se enviou unha mensaxe de correo electrónico para recoller suxestións, necesidades de formación e necesidades de contratación ao colectivo de PDI e PAS. O obxectivo é poder incluír todos estes aspectos nunha Comisión de Calidade que se celebrará o día 2 de decembro de 2016 para a súa aprobación nunha posterior Xunta de Facultade que se celebrará antes do 15 de decembro de 2016.

Noutra orde de cuestións, a Decana comunica que o 18 de novembro tivo lugar a visita do Instituto Os Salgueiros de Pontevedra. Acudiron 25 alumnos. Fíxose un breve relatorio sobre a oferta académica da Facultade e unha visita guiada pola mesma. Infórmase sobre a celebración, no mesmo día da Xunta, 23 de novembro, dunha xornada sobre "Orientación académica e profesional". Celebrarase simultaneamente nas Salas de Videoconferencias do campus de Vigo, de Pontevedra e Ourense. Exponse unha serie de preguntas aos responsables das Facultades e Escolas para os orientadores dos centros de secundaria co obxectivo de que poidan orientar aos seus alumnos na elección da carreira para cursar. Así mesmo, acudirá un alumno ao que tamén se lle exporán unha serie de preguntas coa mesma finalidade. O 19 de decembro está programada unha visita dun instituto de Baiona, seguindo o modelo da do 18 de novembro.

Finalmente, a Escola Diplomática púxose en contacto con este Decanato para concertar unha futura visita informativa do Master que imparte e o acceso á carreira diplomática.

3. Aprobación, se procede, de premios extraordinarios dos Graos en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2015/2016.

Propóñense a Seila Sebastián González para o premio extraordinario do Grao en Dereito e Jonathan Antúnez González para o grao en Relacións Laborais e Recursos humanos do curso 2015/2016.

Aprobado por asentimiento.

4. Aprobación, se procede, dos nomeamentos dos coordinadores/as de Relacións internacionais da Facultade.

Propóñense a Pierre Henri Cialti como coordinador para o grao de Relación laborais e recursos humanos e a Pablo Riquelme Vázquez como coordinador do grao en Dereito.

Aprobado por asentimiento.

5. Designación, se procede, de membros integrantes das seguintes Comisións da Facultade:

Propóñense aos seguintes membros para a **Comisión de relacións internacionais:**

Presidenta: Almudena Bergareche Gros
Secretaria: Laura Movilla Pateiro
Coordinador RRII para Relacións Laborais: Pierre Henri Celti
Coordinador RRII para Dereito: Pablo Riquelme Vázquez
Luis Muleiro Parada
María Cruz Barreiro Carril
Pablo Grande Seara
Representante alumnos de Dereito: Desirée García Espadín
Representante alumnos de RRL: Zulema Gil Vázquez

Aprobado por asentimiento.

En canto aos membros da **Comisión de Traballos de Fin de Grao**, a Decana propón a substitución da profesora Lydia Noriega por Laura Movilla Pateiro por cuestións relacionadas coa distribución de tarefas entre os membros do equipo decanal.

Aprobado por asentimiento.

6. Aprobación, se procede, dos plans de internacionalización da Facultade.

A Decana explica que as propostas se realizaron coa maior urxencia dado que o equipo decanal tivo noticia da convocatoria do reitorado o 27 de outubro de 2016, e que para poder concorrer presentouse unha solicitude sen toda a documentación o 28 de outubro do presente, estando neste momento en período de subsanación.

Cede a palabra ao Secretario da Facultade. Espuxen que as propostas foron froito do traballo do equipo decanal e en maior medida de Laura Movilla Pateiro, Videcana de alumnado e relacións internacionais, e de quen subscribe.

Reafirmei o xa explicado pola Decana: Este equipo decanal non tivo coñecemento desta convocatoria ata o 27 de outubro, pero a pesar diso considerou que a Facultade non podía quedar fóra desta convocatoria dado que supoñía perder unha oportunidade de obter recursos cos que por en funcionamento un dos principais eixos do programa cos que este equipo decanal concorreu ás eleccións. Tras agradecer a colaboración e información achegadas polas profesoras Ana María Pita Grandal, María Cruz Barreiro Carril e Carmen Ruíz, comentei sucintamente as características esenciais da convocatoria do reitorado, do proceso de elaboración destas propostas e dos plans. Ao finalizar a miña intervención a Decana abriu a rolda de intervencións.

A profesora Carmen Ruíz expuxo as deficiencias das propostas, en concreto, a falta de datos relevantes relacionados coa situación de partida e de accións xa realizadas anteriormente, a inclusión de accións que entendía difíciles de cumprir (identificación de novos socios internacionais que faciliten a mobilidade do alumnado do programa de simultaneidade ADE-Dereito), ausencia doutras propostas de accións (sobre todo dirixidas ao alumnado) e falta de claridade e erros no apartado concernente aos recursos solicitados. Tras unha sucesión de intervencións entre a Decana, a profesora Carmen Ruíz e quen subscribe acerca do contido dos plans, a decana cedeu a palabra á profesora María Cruz Barreiro, quen advertiu que faltaban algunhas universidades nas táboas dedicadas aos socios cos que existían plans de mobilidade internacional incluídas nos plans de internacionalización. A continuación interveu José Miguel Diéguez, quen afirmou que non tiña queixa en canto ás accións propostas nos plans, xa que entendía que a formación en idiomas para o alumnado era responsabilidade do Centro de Linguas.

O profesor Luís Muleiro solicitou a votación deste punto da orde do día, dado que o prazo co que se facilitou o borrador da documentación non permitira a súa análise co suficiente detemento e compartía a apreciación sobre as deficiencias dos plans, e adiantou a súa abstención por este motivo.

A profesora María Antonia Arias Martínez interveu finalmente solicitando que se aclarase se a non aprobación dos plans nesta sesión da xunta de facultade supoñía a imposibilidade para participar na convocatoria do reitorado do ano 2016. A Decana e o que subscribe confirmaron que esa sería a consecuencia.

Tras a rolda de intervencións procedeuse á votación co seguinte resultado: 17 votos a favor, 0 en contra, 5 abstencións.

Aprobáronse os plans de internacionalización por votación.

7. Aprobación, se procede, das datas das probas de homologación.

A Decana propón como datas da convocatoria de maio de 2017, 1 de xuño e o 2 de xuño de 2017; e para a convocatoria de xullo de 2017, 13 e 14 de xullo de 2017.

Aprobado por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da proposta de substitución temporal na coordinación académica do Mestrado en Dereito de Empresa da Universidade de Vigo

A Decana expón que a proposta exposta pola Comisión Académica do Master en Dereito de Empresa da Universidade de Vigo a esta Xunta de Facultade consiste na substitución temporal da profesora Ana María Pita Grandal durante o seu ano sabático pola profesora Carmen Ruíz Hidalgo.

Aprobado por asentimento.

9. Rolda aberta de intervencións.

Non houbo.

Finaliza a sesión, sendo as 13:09, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán